

MANUEL ALONSO
CLUB DO MAR DE FERROL

“Neste porto hai embarcacións que teñen máis de cen anos”

Manuel Alonso é o responsable da sección de vela tradicional do Club do Mar de Ferrol, co-organizador e anfitrión do VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, que se inaugura hoxe e enche de actividade a ría e o peirao ata o domingo.

ENTREVISTA DE **MARÍA JESÚS RICO**

Polas mans de Manuel Alonso pasa todo o que ten que ver coa organización do encontro. O teléfono móbil interrompe ás veces a súa apaixonante explicación sobre as diferencias entre unha buceta de aquí e outra das Rías Baixas ou sobre o traballo de mariñeiros que non querían ver os seus barcos no fondo do mar. Eles gardaron un patrimonio que por fin se empeza a apreciar.

—**¿Que vai ser o máis espectacular do encontro?**

—Sobre todo ver a variedade de tipoloxías de embarcacións e ver a ría chea de velas. Galicia é un dos lugares máis ricos do mundo creo eu, en variedade de embarcacións. Hoxe ás seis e media saen todas para fóra, métense aí na bocana e con pitadas de remolcadores faise a arribada, amárrase todo e haberá visitas guiadas para a xente que queira saber de que vai cada unha e para que se usaba.

—**¿Cales son as propias da aquí?**

—Temos unha á que lle chamamos a media construción, é entre bote e chalana, ten pantocques planos, non curvos, e é moi típica de Ferrol. Tamén aquí, no golfo Ártabro, temos unha variedade de buceta con rabo de galo, o que é a popa, diferente da do sur. De alí vén unha mostra moi bonita, de Poio, e teñen as popas un pouco máis picudas. Tamén existen as bucetas do norte, que son moi finas e hai algunhas en Ferrol.

—**¿E o nove metros?**

—O nove metros é unha embarcación de Marina, que se usaba para facer a instrucción militar. Son embarcacións de

salvamento. Fala a xente de se son inglesas, holandesas, eu non o sei exactamente. Para os que pasaron a facer a mili por aquí, son os nove metros, aínda que son nove cincuenta, e había os sete metros, que eran sete metros e medio. E son coñecidas como tal.

—**O Club do Mar, ¿vai bautizar algún barco novo nos encontros?**

—Bautizar xa non bautizamos máis, presentamos embarcacións. Está a nove metros, que se presentou a primeira fase na Parrocheira do ano pasado e que está subvencionada pola Deputación da Coruña. A fase que faltaba, que era arbolado o barco, meterlle velas, paus, xa está rematada e vai haber a presentación oficial.

—**¿Canto tempo levades traballando na recuperación deste patrimonio marítimo?**

—Eu persoalmente empecei fai moi pouco tempo. Organizadamente, no Club do Mar, no ano 93, cando cheguei de Vigo, onde botei dez anos.

—**Había traballo feito.**

—Si, si, desde sempre houbo xente preocupada polo tema das embarcacións tradicionais, aquí ata houbo quen mercou unha dorna e a trouxo para acá no tempo de ténuelequele. Tamén había dornas que pescaban. Eu téñolle escoitado a un paisano, que por desgraza morreu hai tres ou catro anos, que dedicara parte da xuventude a pescar nunha dorna.

—**¿Manténese ese uso?**

—Agora mesmo son embarcacións de recreo. Home, hai xente que aínda vive do mar nas game-las e nas chalanas e máis nos botes pero a maior parte da xente que ten agora unha dorna, sobre todo pola illa de Arousa, é para pesca deportiva.



Manuel Alonso, onte, ante os pantaláns que se instalaron para dar cabida ós barcos

JORGE MEIS

PATRIMONIO

“Típico de aquí é o barco ó que lle chamamos de media construción e tamén temos unha variedade de buceta”

—**E habendo tradición, ¿como é que os encontros chegan ás Rías Altas na oitava edición?**

—Claramente a infraestrutura que teñen montada no sur é moito mellor que a nosa. O máis fácil do mundo na illa de Arousa é convocar un encontro porque van todos por mar. Dis: vamos facer unha concentración, e alí hai mil dornas, non teñen problema ningún. A nivel organizativo, aínda que son sociedades pequenas, son máis.

—**¿Comezaron antes a preocuparse?**

—A nivel público si pero eu non creo que empezase ningún antes que outro. Realmente recuperando embarcacións hai xente que leva toda a vida. Xa non nós, toda a xente que aquí, neste porto, ten embarcacións de madeira leva traballando nelas toda a vida. Teñen cuarenta e cincuenta anos e están aquí, temos algunha de 107 anos.

—**Porque o mariñeiro ó barco tenlle un apego especial como para deixalo de calquera xeito.**

—Si, é unha especie de loucura o que hai aí.

—**¿Hai problemas coas leis?**

—Hai lexislación que permite que os coches ou as motos únicas, antigas, teñan un seguro máis pequeno e que poidan circular. A nivel marítimo non existe nada diso. O paisano, ou cede o barco a unha asociación sen ánimo de lucro, se quere, ou a cede para un museo ou para ornamentación. O difícilísimo é que che deixen unha embarcación para mantela viva. E a decisión está sempre en mans do armador, que é o dono. Habería que regular cando menos iso para que non pasen cousas como hai pouco, que unha lancha pateixeira, preciosa, foi ó desguace. Na Unión Europea recomendan ós armadores desfacerse das embarcacións vellas, a baixura vai desaparecendo, e o que está pasando é que a xente se acolle a unhas subvencións que hai e pagan un barco novo, máis potente, para saír máis a fóra.

—**¿E onde se amaían?**

—Temos carpinteiros de ribeira en Cedeira, que eu saiba, e en Ferrol hainos xa retirados. Aquí tivemos os mellores carpinteiros de ribeira, imaxino eu, no porto chico. Pero vaia, é un oficio que tamén se está recuperando por zonas. A intención do Club do Mar é tratar de facer na Cabana unha escola de carpintería de ribeira, en colaboración co Concello, que revitalice ese tipo de oficios e que axude á xente que mantén con moita loita a embarcación viva, porque leva traballo, a madeira costa, a xente vai maior e hai que

tentar que a xente nova se acerque a este tipo de oficios e incluso á navegación tradicional.

—**¿Cal sería o tempo ideal para navegar pola ría esta fin de semana?**

—Vento Nordés. Vento Nordés entablado, firme, que non vaia racheado. Se hai vento Nordés hai bo tempo. Pero a nós o tempo non nos interesa, se chove, chove.

—**¿Influirán as mareas?**

—As mareas inflúen sobre todo na bocana da ría, pero depende de por onde fagas o percorrido non hai problema.

—**¿Que vai haber no mar?**

—Non vamos facer regatas, facemos percorridos, demostración de maniobras, entre boias. Obrigamos á xente a facer un percorrido como se fose regata pero sen selo, non hai premios nin nada diso.

—**¿Que supón para o Club do Mar que se faga aquí o Encontro?**

—Para nós é un orgullo, ante todo, iso. Representamos á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, que somos 43 asociacións de toda Galicia e do norte de Portugal, e para nós é un orgullo ser anfitrións de toda esa xente.

—**¿Axudará a que se lle preste máis atención á navegación tradicional?**

—Eu penso que si, agora mesmo o Concello está interesado no tema, xa ven que isto é serio.